

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO CORRESPONDENTES AOS CURSOS ACADÉMICOS 2016/2017, 2017/2018 E 2018/2019.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC), na sesión celebrada o día 30 de outubro de 2019, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE núm. 224, de 18 de setembro de 2003).

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais adaptándoas ao EEES (BOE núm. 260, de 30 de outubro de 2007).

O Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución do 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos, asinado con data do 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

De acordo co exposto

RESOLVO:

Convocar os Premios Extraordinarios de Máster Universitario correspondentes aos cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire de seguido:

1. Destinatarios

O alumnado que rematara os estudos de Máster Universitario na Universidade da Coruña nos cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019, coas mellores cualificacións e cunha nota media non inferior a notable (7) no expediente académico.

2. Número de premios

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación é o que figura no **Anexo I** desta resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no apartado 2.3, do artigo 2 do Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario.

3. Procedemento

3.1. Valoración dos expedientes académicos

De acordo co disposto no apartado 2.4 do artigo 2, do Regulamento de Premios Extraordinarios de Máster Universitario, os expedientes académicos valoraranse polas Comisións Académicas das Facultades ou Escolas, ou os tribunais nomeados a tal efecto.

O criterio para a concesión será a nota media do expediente académico calculada de acordo co disposto no “Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos”.

3.2. Relación priorizada de expedientes académicos

As Comisións Académicas das Facultades ou Escolas, ou os tribunais, elaborarán unha relación priorizada provisoria daquelas persoas con expedientes académicos que obtiveran unha nota media igual ou superior a notable (7) de acordo ao número posible de premios. A devandita relación será publicada no taboleiro de anuncios do centro correspondente. Contra esta relación provisoria, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de 5 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

As Comisións Académicas das Facultades ou Escolas ou os tribunais resolverán as reclamacións e publicarán no mesmo taboleiro de anuncios a relación resultante daquelas persoas que poderán ser propostas para a concesión de premio extraordinario.

3.3. Aceptación do premio

As persoas propostas para a concesión do premio extraordinario de Máster Universitario, deberán manifestar a súa aceptación. Para estes efectos deberán cubrir o **Anexo II**.

O prazo para presentar a aceptación será de 6 días naturais que contarán desde o día seguinte ao da publicación da relación citada no apartado anterior.

A aceptación presentarase na Sede Electrónica, no Rexistro Xeral ou nos Rexistros dos Centros, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación no taboleiro do centro considerarase válida aos efectos de notificación aos interesados. Non obstante, as administracións ou os decanatos/direccións dos centros remitirán un aviso a través do correo electrónico da UDC ás persoas que figuran na relación de concesión.

En caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión do devandito premio.

4. Proposta definitiva, concesión e efectos

4.1. Remisión da proposta definitiva

Os presidentes das Comisións Académicas das Facultades ou Escolas ou dos tribunais, presentarán ante a Xunta de centro a relación de concesión de premios para a súa aprobación. Unha vez aprobada os decanatos/direccións remitirán as propostas definitivas ao reitor, a través da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, para a súa presentación no Consello de Goberno da Universidade.

4.2. Acordo de concesión

Os premios extraordinarios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, á vista da proposta definitiva, a aqueles/as alumnos/as con mellor expediente académico, nun número non superior nin inferior ao que se indica no **Anexo I** desta convocatoria

A relación das persoas premiadas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, de acordo co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o dito acordo, poderá interpoñerse:

a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;

b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4.3. Efectos

As persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo expedido polo reitor da Universidade da Coruña.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada e farase constar fidedignamente.

Así mesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título de Máster Universitario.

5. Calendario

18/11/2019	Publicación da convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial
21/11/2019	Data límite para publicar nos taboleiros dos centros a relación priorizada provisoria de expedientes académicos
28/11/2019	Data límite para presentar reclamacións
03/12/2019	Publicación da relación resultante tras o estudo das reclamacións
09/12/2019	Data límite para presentar o Anexo II
13/12/2019	Data límite para que as direccións/decanatos dos centros remitan ao Reitor (Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente) as propostas definitivas de concesión de premios
18/12/2019	Aprobación da concesión dos premios polo Consello de Goberno

6. Protección de datos

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión da convocatoria.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Puente Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista un resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,
O reitor,
PD (RR 12/01/2016)
A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente
Nancy Vázquez Veiga

Anexo I
Número de premios extraordinarios por titulación 2016/2017

Código	Titulación	Núm. Alumnos	Núm Premios Extraordinarios
437	M.U. en Profesorado de E.S.O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	167	9
438027	M.U. en Psicoloxía Aplicada	25	2
441022	M.U. en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	20	1
4436007	M.U. en Lingüística Aplicada	1	1
443	M.U. en Asesoramento Xurídico Empresarial	19	1
44442216	M.U. en Enxeñaría da Auga	9	1
4447220	M.U. en Dereito: Estudos da Unión Europea	1	1
4455236	M.U. en Matemática Industrial	3	1
462	M.U. en Asistencia e Investigación Sanitaria	37	2
4467124	M.U. en Rehabilitación Arquitectónica	6	1
4473111	M.U. en Computación de Altas Prestacións	0	0
448013	M.U. en Banca e Finanzas	10	1
4484124	M.U. en Literatura, Cultura e Diversidade	6	1
4495016	M.U. en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía	5	1
4496023	M.U. en Enxeñaría Naval e Oceánica	6	1
4497015	M.U. en Enxeñaría Industrial	22	2
4498041	M.U. en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	17	1
4499013	M.U. en Avogacía	65	4
4500027	M.U. en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	24	2
4502012	M.U. en Enxeñaría Informática	19	1
4503024	M.U. en Tecnoloxías de Edificación Sostible	15	1
4505022	M.U. en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	9	1
4506012	M.U. en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	24	2
4507012	M.U. en Dirección e Administración de Empresas	26	2
4509038	M.U. en Investigación Química e Química Industrial	2	1
4510210	M.U. en Náutica e Transporte Marítimo	9	1
4511210	M.U. en Psicopedagogía	27	2
4512208	M. U. en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	15	1
4513208	M. U. en Didácticas Específicas	12	1
4514017	M. U. en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	27	2

4516015	M. U. en Discapacidade e Dependencia	12	1
4517015	M. U. en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Interuniversitario)	6	1
4518025	M. U. en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados	11	1
4519007	M. U. en Arquitectura	32	2
4520012	M. U. en Xeoinformática (Interuniversitario)	1	1
4521036	M. U. en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	4	1
4522025	M. U. en Bioinformática para Ciencias da Saúde	0	0
4523023	M. U. en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	10	1
4524022	M. U. en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	5	1
4525031	M. U. en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	0	0
4526027	M. U. en Edificación Sostible	0	0
4531023	M. U. en Producción Xornalística e Audiovisual	0	0
4532	M. U. en Economía	0	0
4534007	M. U. en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	0	0
467124	M. U. en Rehabilitación Arquitectónica	12	1
471209	M. U. en Dirección Integrada de Proxectos	20	1
472102	M. U. en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural	6	1
475006	M. U. en Biotecnoloxía Avanzada	15	1
478018	M. U. en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega	7	1
480106	M. U. en Enxeñaría Mariña	10	1
482017	M. U. en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	36	2
485024	M. U. en Bioloxía Mariña	6	1
489026	M. U. en Acuicultura	7	1
490006	M. U. en Neurociencia	4	1
491014	M. U. en Xerontoloxía	10	1
492027	M. U. en Xestión e Dirección Laboral	20	1
493028	M. U. en Técnicas Estatísticas	1	1

Número de premios extraordinarios por titulación 2017/2018

Código	Titulación	Núm. Alumnos	Núm Premios Extraordinarios
437	M.U. en Profesorado de E.S.O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	159	8
438027	M.U. en Psicoloxía Aplicada	24	2
441022	M.U. en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	19	1
4436007	M.U. en Lingüística Aplicada	6	1
443	M.U. en Asesoramento Xurídico Empresarial	14	1
44442216	M.U. en Enxeñaría da Auga	10	1
4447220	M.U. en Dereito: Estudos da Unión Europea	7	1
4455236	M.U. en Matemática Industrial	7	1
462	M.U. en Asistencia e Investigación Sanitaria	22	2
4467124	M.U. en Rehabilitación Arquitectónica	3	1
4473111	M.U. en Computación de Altas Prestacións	0	0
448013	M.U. en Banca e Finanzas	18	1
4484124	M.U. en Literatura, Cultura e Diversidade	6	1
4495016	M.U. en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía	3	1
4496023	M.U. en Enxeñaría Naval e Oceánica	15	1
4497015	M.U. en Enxeñaría Industrial	18	1
4498041	M.U. en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	12	1
4499013	M.U. en Avogacía	68	4
4500027	M.U. en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	17	1
4502012	M.U. en Enxeñaría Informática	14	1
4503024	M.U. en Tecnoloxías de Edificación Sostible	7	1
4505022	M.U. en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	9	1
4506012	M.U. en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	14	1
4507012	M.U. en Dirección e Administración de Empresas	28	2
4509038	M.U. en Investigación Química e Química Industrial	13	1
4510210	M.U. en Náutica e Transporte Marítimo	8	1
4511210	M.U. en Psicopedagogía	30	2
4512208	M. U. en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	22	2
4513208	M. U. en Didácticas Específicas	15	1
4514017	M. U. en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	49	3
4516015	M. U. en Discapacidade e Dependencia	10	1
4517015	M. U. en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Interuniversitario)	2	1

4518025	M. U. en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados	8	1
4519007	M. U. en Arquitectura	37	2
4520012	M. U. en Xeoinformática (Interuniversitario)	3	1
4521036	M. U. en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	13	1
4522025	M. U. en Bioinformática para Ciencias da Saúde	11	1
4523023	M. U. en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	15	1
4524022	M. U. en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	16	1
4525031	M. U. en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	19	1
4526027	M. U. en Edificación Sostible	3	1
4531023	M. U. en Producción Xornalística e Audiovisual	0	0
4532	M. U. en Economía	0	0
4534007	M. U. en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	0	0
467124	M. U. en Rehabilitación Arquitectónica	0	0
471209	M. U. en Dirección Integrada de Proxectos	5	1
472102	M. U. en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural	9	1
475006	M. U. en Biotecnoloxía Avanzada	13	1
478018	M. U. en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega	4	1
480106	M. U. en Enxeñaría Mariña	15	1
482017	M. U. en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	28	2
485024	M. U. en Bioloxía Mariña	9	1
489026	M. U. en Acuicultura	5	1
490006	M. U. en Neurociencia	4	1
491014	M. U. en Xerontoloxía	9	1
492027	M. U. en Xestión e Dirección Laboral	24	2
493028	M. U. en Técnicas Estatísticas	3	1

Número de premios extraordinarios por titulación 2018/2019

Código	Titulación	Núm. Alumnos	Núm Premios Extraordinarios
437	M.U. en Profesorado de E.S.O., Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	167	9
438027	M.U. en Psicoloxía Aplicada	12	1
441022	M.U. en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	16	1
4436007	M.U. en Lingüística Aplicada	3	1
443	M.U. en Asesoramento Xurídico Empresarial	17	1
44442216	M.U. en Enxeñaría da Auga	14	1
4447220	M.U. en Dereito: Estudos da Unión Europea	2	1
4455236	M.U. en Matemática Industrial	2	1
462	M.U. en Asistencia e Investigación Sanitaria	28	2
4467124	M.U. en Rehabilitación Arquitectónica	15	1
4473111	M.U. en Computación de Altas Prestacións	5	1
448013	M.U. en Banca e Finanzas	18	1
4484124	M.U. en Literatura, Cultura e Diversidade	12	1
4495016	M.U. en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía	8	1
4496023	M.U. en Enxeñaría Naval e Oceánica	16	1
4497015	M.U. en Enxeñaría Industrial	29	2
4498041	M.U. en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	5	1
4499013	M.U. en Avogacía	69	4
4500027	M.U. en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	20	1
4502012	M.U. en Enxeñaría Informática	19	1
4503024	M.U. en Tecnoloxías de Edificación Sostible	0	0
4505022	M.U. en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	10	1
4506012	M.U. en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	24	2
4507012	M.U. en Dirección e Administración de Empresas	30	2
4509038	M.U. en Investigación Química e Química Industrial	8	1
4510210	M.U. en Náutica e Transporte Marítimo	9	1
4511210	M.U. en Psicopedagogía	21	2
4512208	M. U. en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	14	1
4513208	M. U. en Didácticas Específicas	6	1
4514017	M. U. en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	33	2
4516015	M. U. en Discapacidade e Dependencia	14	1
4517015	M. U. en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Interuniversitario)	14	1

4518025	M. U. en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados	12	1
4519007	M. U. en Arquitectura	18	1
4520012	M. U. en Xeoinformática (Interuniversitario)	2	1
4521036	M. U. en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	4	1
4522025	M. U. en Bioinformática para Ciencias da Saúde	14	1
4523023	M. U. en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	12	1
4524022	M. U. en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	21	2
4525031	M. U. en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	22	2
4526027	M. U. en Edificación Sostible	11	1
4531023	M. U. en Producción Xornalística e Audiovisual	45	3
4532	M. U. en Economía	3	1
4534007	M. U. en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	12	1
467124	M. U. en Rehabilitación Arquitectónica	0	0
471209	M. U. en Dirección Integrada de Proxectos	10	1
472102	M. U. en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural	0	0
475006	M. U. en Biotecnoloxía Avanzada	12	1
478018	M. U. en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega	3	1
480106	M. U. en Enxeñaría Mariña	7	1
482017	M. U. en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	36	2
485024	M. U. en Bioloxía Mariña	9	1
489026	M. U. en Acuicultura	9	1
490006	M. U. en Neurociencia	2	1
491014	M. U. en Xerontoloxía	13	1
492027	M. U. en Xestión e Dirección Laboral	24	2
493028	M. U. en Técnicas Estatísticas	7	1

Anexo II

ACEPTACIÓN DO PREMIO

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CORRESPONDENTES AOS CURSOS ACADÉMICOS 2016/2017, 2017/2018 E 2018/2019					
DATOS DO/DA ALUMNO/A					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		

<p>EXPOÑO:</p> <p>1. Que, con data do 18/11/2019, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se convocan os premios extraordinarios de Máster Universitario correspondentes aos cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019.</p> <p>2. Que, segundo a convocatoria, os premios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, por proposta da Xunta da Facultade ou Escola.</p> <p>3. Que, en virtude do anterior, resultado proposto para o premio extraordinario de no curso académico...</p> <p>4. Que acepto a proposta para os efectos da expedición do diploma acreditativo e da súa constancia no meu expediente académico, e autorizo á Universidade da Coruña a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.</p> <p>5. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.</p> <p>....., de 2019</p> <p>Asdo.</p>
--

SR. REITOR